



Seccións
Xornal
Resumos de prensa
Axendas
Publicacións
Entrevistas
Opinión
Aconteceu
Taboleiro
Redacción

A USC coordina REDEFAR, rede de grupos de investigación que impulsará o desenvolvemento de fármacos en España

Actualizada: 20-05-2016 13:03

Tweet     



Na xuntanza participaron representantes dos distintos grupos implicados

A Rede Temática Española de Descubrimiento de Fármacos (REDEFAR) comezou a súa actividade cunha xuntanza en Santiago baixo a coordinación da USC a través do grupo BioFarma que dirixe Mabel Loza. REDEFAR conta co financiamento do Ministerio de Economía e Competitividade e constitúena dez equipos de investigación de excelencia internacional en I+D aplicado ao descubrimento temperá de fármacos.

A primeira xuntanza oficial serviu para a busca de sinerxías entre os grupos participantes, identificar os proxectos sobre os que organizar a colaboración e as súas posibilidades de financiamento,

ademais de explorar a extensión da Rede a outros grupos nacionais no contexto actual de innovación aberta. Xunto cos grupos implicados, tamén participaron na xuntanza a directora da Axencia de Coñecemento en Saúde da Xunta de Galicia (ACIS), Sonia Martínez; o director da Axencia Galega de Innovación, Manuel Varela; e a subdirectora de Asesoría Xurídica da Xunta, Beatriz Allegue.

REDEFAR permitirá conectar, fortalecer e visibilizar os equipos españois centrados no descubrimento de fármacos, ademais de mellorar a capacidade de transferencia da ciencia biomédica, a coordinación dos grupos especializados neste ámbito e a conexión co sector industrial. O grupo BioFarma da USC asume a coordinación da rede e achega a súa experiencia acumulada de 15 anos en programas de colaboración entre entidades públicas e privadas para o descubrimento de fármacos. Ata o momento, o traballo do equipo da profesora Mabel Loza permitiu o desenvolvemento de varias moléculas que chegaron a ensaio clínicos ademais de ter posibilitado o desenvolvemento do proxecto Innopharma.

O resto de grupos que conforman inicialmente REDEFAR están dirixidos polo tamén profesor da USC Carlos Diéguez; María Jesús Vicent (CI Príncipe Felipe); Olga Genilloud (Fundación Medina); Ferrán Sanz (Universidade Pompeu Fabra); Jordi Quintana (Parc Científic de Barcelona); Leonardo Pardo (Universidade Autónoma de Barcelona); María Luz López (Universidade Complutense de Madrid); Ana Martínez (Centro de Investigacións Biolóxicas-CSIC); e Juan Suárez (Instituto de Investigacións Biomédicas de Málaga).

Nodos de traballo

A Rede estruturouse en catro nodos sobre HTS (cribado in vitro), Bio-químio-informática, Química terapéutica e Modelos in vivo. Cada un destes grupos estará aberto aos grupos españois especializados nesas respectivas áreas. Así, búscase alcanzar sinerxías e a valorización das iniciativas que se levan a cabo en España nos ámbitos químico, farmacéutico e médico; unha maior coordinación e eficacia do traballo desenvolvido; e aumentar a participación e a visibilidade de España en iniciativas internas e externas.